

Táboas salariais 2022 do ensino concertado

A CIG-ensino non subscribe a revisión salarial para 2022 do VII convenio colectivo estatal de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos ao afondar na perda de poder adquisitivo



De que vale un convenio estatal que non se aplica, mesmo limita e non é operativo?

A CIG-Ensino, logo das “negociacións” das táboas salariais de ensino concertado para 2022, non asinou a revisión salarial coa suba do 2% dende o 1 de xaneiro para todos os traballadores/as, ao igual que non o fixera nas táboas de anos anteriores. Unha vez máis non se acadan neste acordo asinado o 26/01/2022 as nosas históricas reivindicacións:

1.- Estamos en contra da perda de poder adquisitivo que supón para todo o persoal afectado por este convenio: lévase máis dun 10% acumulado de perda de IPC desde o recorte salarial do 5% feito en 2011, e non se introduce cláusula de revisión salarial a alza que vai supor aumentar esa perda de IPC (pechouse 2021 cun 6,5% de IPC, e os salarios subiron só un 0,9%).

2.- Porque non se garante o SMI para os salarios que queden por debaixo, ante un posible incremento do mesmo para 2022, absorbéndose os complementos salariais, tal e como se fixo no último trimestre de 2021 ao pasar o SMI a 965€ e os salarios quedaron en 950€. Ademais, porque non se reduce a fenda salarial entre os salarios máis altos e os máis baixos, nin se aplican as subas aos complementos do convenio.

O acordo da suba salarial foi asinado por todas as asociacións empresariais (EyG, CECE, FED-ACES e APSEC) e as organizacións sindicais FSIE- USO- UGT e CCOO, asinantes do VII convenio, que os ata na negociación o art. 57 para o pago delegado, pero que asumen o mesmo para o resto do persoal, PAS e docentes sen pago delegado.

Proposta defendida na mesa por CIG-Ensino:

Suba salarial do 3% sobre táboas de 2021, cunha cláusula de revisión salarial á alza, como garante do IPC, para salarios superiores ao salario medio galego e para os que estean por debaixo suba lineal de 630€ en 14 pagas (obxectivo reducir fenda salarial entre altos/baixos). Deste xeito tamén avanzaremos na recuperación de parte da perda de poder adquisitivo. Este 3% tamén se aplicará a todos os complementos do convenio. Os salarios máis baixos adaptaranse ao SMI correspondente de cada ano (acordar cláusula garantista), non quedando ningún salario por debaixo do mesmo, evitando a absorción de complementos salariais.

Unha vez máis, denunciámos a falta de negociación e que temos un convenio estatal que despois non se aplica, en táboas salariais, PEA, complementos de cargo,... É necesario trasladar o ámbito de negociación alí onde se dan as condicións para chegar a acordos que sexan realistas e poidan aplicarse, é dicir, ás CC.AA., e que participen nelas as tres partes implicadas: patronais, organizacións sindicais e, polo menos, mentres sigan sendo financiados con fondos públicos, as administracións educativas correspondentes. Xa vén sendo hora de adaptarse á realidade e de respectar a pluralidade do Estado, así como facer partícipes e que decida o persoal traballador, acercándolles a negociación e non deixando que sexan as cúpulas patronais e sindicais, en Madrid, as que decidan segundo os seus intereses.

TÁBOAS SALARIAIS CENTROS CONCERTADOS GALIZA 2022

DOCENTES EN PAGO DELEGADO:

ENSINO CONCERTADO GALIZA 2022	SALARIO BASE 2022	COMPL. AUTONÓM.(C.A.) 2022	TOTAL SALARIO 2022	TRIENIOS 2022
E. INFANTIL, E.PRIMARIA, E. ESPECIAL	1.753,54 €	396,63 €	2.150,17 €	39,85 €
1º CICLO ESO MESTRES	1.753,54 €	504,58 €	2.258,12 €	39,85 €
LICENCIADOS ESO, FP, FPB	2.059,21 €	404,00 €	2.463,21 €	50,25 €

RESTO DOCENTES E PAS:

CATEGORÍA LABORAL	SALARIO	TRIENIO
Mestre/a	1745,50	41,77
Profesor/a FP e ESO	1928,30	52,64
Profesor/a Bacharelato	2016,58	52,64
Profesor/a de Actividades Educativas Extracurriculares	1480,83	37,93
Monitor/a - Educador/a Instrutor/a - Técnico/a	1332,73	36,17
Xefe/a de Administración/ Secretaría	1366,39	42,17
Xefe/a de Negociado	1150,72	36,04
Oficial Contable - Xefe/a de Cociña - Conductor/a e Oficial 1ª oficios	1097,87	35,61
Recepcionista - Telefonista Auxiliar - Garda - Vixiante/a Empregado/a de Servizo de Limpeza, prancha, lavado, mantemento, xardinería e oficios varios	978,00	35,61
Coidador/a - Porteiro/a - Oficial 2ª Oficios - Axudante de cociña	1003,65	35,61
Conserxe / Gobernante	1150,51	35,61
Cociñeiro/a	1046,44	35,61

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal